



BASES DE SELECCIÓN PARA A FORMACIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO PARA A CONTRATACIÓN, BAIXO A MODALIDADE DE CONTRATO LABORAL, DE OBRA E SERVIZO DE DURACIÓN DETERMINADA A XORNADA COMPLETA DE DOUS SOCORRISTAS PARA A PISCINA MUNICIPAL DE VIMIANZO

Primeira.- Obxecto da convocatoria.

O obxecto desta convocatoria é a formación dunha bolsa de emprego para a contratación laboral temporal, a xornada completa, baixo a modalidade de contrato laboral de duración determinada (por obra ou servizo), de dous socorristas, aos efectos de poñer en funcionamento nos meses de verán a piscina municipal, de xeito que de de cumprimento aos requisitos establecidos no Decreto 103/2005 de 6 de Maio, polo que se establece a reglamentación técnico-sanitaria de piscinas de uso colectivo.

A bolsa de emprego, que se formará pola relación dos/as aspirantes que superaran o presente proceso selectivo, destinarase á contratación do persoal que a integre cando se produza algunha das seguintes circunstancias: cobertura de prazas previstas no catálogo de persoal, execución de programas, proxectos ou convenios, ou necesidades urxentes.

Segunda.- Requisitos dos aspirantes.

Serán requisitos mínimos dos aspirantes a estas prazas:

REQUISITOS XERAIS:

- Ter nacionalidade española, sen perxuízo do disposto no artigo 57 da Lei 7/2007.
- Posuír a capacidade funcional, así como a capacidade física necesaria para o desempeño das tarefas.
- Ter cumpridos os dezaseis anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa. Só por lei poderá establecerse outra idade máxima, distinta da idade de xubilación forzosa, para o acceso ó emprego público.
- Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ó corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que fora separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ó emprego público.

REQUISITOS ESPECÍFICOS:

- Estar en posesión de titulación suficiente en materia de "Salvamento e socorrismo acuático" segundo dispón o artigo 29 do Decreto 103/2005, do 6 de maio. Deberá presentar xustificante de estar inscrito no Rexistro Oficial de Socorristas Acuáticos de Galicia na sección de socorristas de instalación acuáticas, conforme se establece no artigo 5 do Decreto 104/2012 de 16 de Marzo, polo que se fixa a formación mínima dos socorristas acuáticos e se crea e regula o rexistro profesional de socorristas acuáticos de Galicia, o que implica ter a formación mínima establecida no artigo 6 de dito decreto, tendo en conta tamén o establecido na disposición transitoria única de dito decreto.

Os anteriores requisitos deberanse reunir con referencia ó último día do prazo de presentación de solicitudes, e gozar deles ata a toma de posesión, e será nulo o nomeamento dos aspirantes que estean incurso en causas de incapacidade segundo a normativa vixente.



Terceiro.- Duración e tipo de contrato.

O contrato de traballo será de duración determinada, cunha duración estimada dende o 01/07 ata o 15/09/2016.

A xornada será completa: de 40 horas semanais, de luns a domingo, distribuída de tal xeito que permita manter un horario de apertura da piscina: de martes a venres (de 12:00h a 20:00h), de sábado a domingo (de 15:00h a 20:00h). Ademais, cada día deberase facer 1 hora de limpeza das instalacións, fóra do horario de apertura.

Cuarto.- Retribucións.

As retribucións estipuladas serán de mil douscentos noventa euros con nove céntimos (1.290,09) brutos mensuais (salario + pagas extras).

Quinto.- Sistema de selección.

A selección dos candidatos realizarase, de conformidade co previsto nas presentes bases, polo sistema de oposición, que constará de dous exercicios, as probas físicas con carácter eliminatorio. Valorarase ata un máximo de 10 puntos, sendo necesario acadar a calificación de "APTO" nas probas físicas, para superar o proceso selectivo.

5.1. Probas físicas:

Valoraránse ata un máximo de 6 puntos. As dúas probas físicas son de carácter eliminatorio. Os tempos que se especifican na descrición de cada unha das probas son máximos. Se algún aspirante supera dito tempo recibirá a calificación de NON APTO, quedando excluído da proba de selección.

Cada unha das probas físicas terá unha puntuación máxima de 3 puntos sobre o total.

1. 100 m. Combinada con mergullo, extracción e RCP básica.

Posición partida: de pe.

Despois da sinal: entrar na auga, 50 m. nado libre, somerxerse e efectuar 15 m. de mergullo, recoller unha anela e efectuar 35 m. de simulación de remolque coa anela en todo momento fóra da auga.

Tempo límite: 2'20''

Extracción: ó tocar a parede soltar a anela e extraer sen axuda e correctamente a unha persoa que finxe inconsciencia.

RCP básica: de forma non inmediata realizar a RCP básica durante catro ciclos sobre a persoa extraída.

A incorrecta realización da extracción ou da realización do RCP supón a calificación de NON APTO nesta proba.

2. 50 m. mergullo e simulación de remolque

Posición partida: de pe.



Despois da sinal: saír nun tempo máximo de concentración de 10'' e realizar 25 m. de mergullo sen saír en ningún momento á superficie, recoller unha anela que se atopa no fondo da piscina e facer simulación de remolque mantendo a anela en todo momento fóra da auga.

Posición final: de pe fóra da auga.

Tempo límite: 1'05''

Puntuación	PROBA 1 100 m. Combinada con mergullo, extracción e RCP básica	PROBA 2 50 m. mergullo e simulación de remolque
APTO 1,50	2'15'' < e ≤ 2'20''	1'00'' < e ≤ 1'05''
2,00	2'10'' < e ≤ 2'15''	0'55'' < e ≤ 1'00''
2,50	2'00'' < e ≤ 2'10''	0'50'' < e ≤ 0'55''
3,00	≤ 2'00''	≤ 0'50''

5.2. Proba escrita:

Valorarase ata un máximo de 4 puntos. Consistirá en 20 preguntas de tipo test relacionadas coas seguintes materias:

1. O municipio de Vimianzo: xeografía, cultura e historia.
2. Primeiros auxilios
3. Actuación en situación de emerxencias
4. Parámetros de calidade da auga no vaso
5. Natación
6. Mantemento das instalacións

En caso de empate nas puntuacións, resultarán elixidos os candidatos que obtiveran unha maior puntuación na proba práctica. No caso de que persistira o empate, farase un sorteo.

Sexto.- Presentación de instancias e procedemento de selección.

O prazo de presentación de instancias solicitando participar no proceso selectivo dirixiranse ó Sr. Alcalde do Concello de Vimianzo, e presentaranse no Rexistro Xeral do Concello, ou por calquera dos medios que establece o artigo 38.4 da Lei 30/92, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, no prazo de OITO DÍAS NATURAIS a contar dende o seguinte a publicación do anuncio no taboleiro de edictos e na páxina web do Concello de Vimianzo.

No caso de que as solicitudes se presenten nun rexistro distinto ao municipal, os participantes deberán adiantar por fax, un resguardo de ter presentado a solicitude dentro do prazo de presentación de instancias.

Aquelas solicitudes que se presenten fóra do prazo establecido a tal efecto, quedarán excluídas do proceso de selección.



Xunto a instancia, que deberá presentarse conforme o modelo do anexo II, debe achegarse a seguinte documentación:

- a) Fotocopia compulsada do DNI.
- b) Acreditación da inscrición no Rexistro Oficial de Socorristas acuáticos de Galicia na sección de socorristas de instalacións acuáticas.

Rematado o prazo de presentación de solicitudes, o Sr. Alcalde, mediante resolución aprobará a listaxe provisional de admitidos e excluídos. Dita resolución será definitiva de non existir excluídos, e será exposta no taboleiro de edictos do Concello e na páxina web municipal, relacionándose os aspirantes excluídos coa indicación da causa de exclusión. Nesta resolución incluírase a composición do tribunal.

Os aspirantes excluídos disporán do prazo de DOUS DÍAS NATURAIS para reclamacións e corrección das deficiencias sinaladas, a partires da publicación da listaxe provisional no taboleiro de edictos e na páxina web.

Estas reclamacións e correccións serán aceptadas ou rexeitadas na resolución que aprobe a listaxe definitiva, que se publicará na mesma forma. Na mesma indicárase a data, hora e lugar de celebración das probas.

Contra a resolución na que se declare a exclusión definitiva do aspirante, poderá interpoñerse potestativamente recurso de reposición, no prazo dun mes, ante o órgano que ditou o acto, ou directamente recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, ante a Xurisdición Contenciosa-Administrativa, contados a partir do día seguinte ao da publicación.

Sétimo.- Tribunal cualificador.

1.- O tribunal cualificador designado pola Alcaldía - Presidencia (en virtude do artigo 21.1.g) de 7/85 de 2 de Abril reguladora das Bases do Réxime Local), e en base ao establecido por Lei 7/2007 de 12 de abril, Estatuto Básico do Empregado Público, estará integrado polos seguintes membros:

Presidente/a: un/ha funcionario/a de carreira ou persoal laboral fixo do Concello de Vimianzo.

Secretario/a: un/ha funcionario/a de carreira do Concello de Vimianzo.

Vogais: tres funcionarios/as de carreira ou persoal laboral fixo da administración local, autonómica ou estatal.

2.- O tribunal non poderá constituírse, nin actuar sen a presenza, alomenos, de tres de seus membros, titulares ou suplentes, debendo estar presentes en todo caso o presidente e o secretario ou persoas en quen deleguen. De tódalas reunións que faga o tribunal o/a secretario/a redactará acta.

3.- Os membros do tribunal absteranse de intervir e o comunicarán á autoridade convocante cando concorran algunhas das circunstancias prevista no artigo 28.2 de Lei 30/1992 de réxime xurídico das administracións públicas. Os aspirantes poderán recusar aos membros do tribunal cando concorran aquelas circunstancias.

4.- O tribunal resolverá tódalas dúbidas que xurdan en aplicación das presentes normas así como nos casos non previstos polas mesmas.

5.- O tribunal poderá asesorarse por persoal técnico competente para a realización das probas físicas.

6.- O tribunal non poderá aprobar nin declarar que superou o procesos selectivo un número superior de aspirantes ao de postos de traballo convocados, aínda que có resto de solicitantes non



seleccionados se establecerá unha orde para cubrir as posibles vacantes que puideran producirse, so válido para a presente convocatoria.

7.- Unha vez realizadas as probas, publicaranse no taboleiro de anuncios os resultados acadados por orde de puntuación, e darase o prazo de dous días naturais para que as persoas interesadas presenten alegacións no Rexistro xeral do Concello ou por calquera dos medios que establece o artigo 38.4 da Lei 30/92, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Neste último caso, deberán adiantar por fax, un resguardo de ter presentado a alegación dentro do prazo de presentación.

Unha vez rematado o prazo anterior, o tribunal elevará proposta á alcaldía das dúas (2) persoas que cumpren os requisitos, e que obtiveran ás maiores puntuacións.

Estes dous (2) aspirantes deberán pasar un exame médico que verifique a súa capacidade funcional para o desempeño do posto de traballo de socorrista, en vista do obxeto das tarefas a realizar, descritas na base de selección primeira. O resultado será apto ou non apto. Se algún dos aspirantes non pasa o exame médico quedará eliminado, correndo a lista ao seguinte con máis puntuación, que tamén deberá pasar o exame médico.

Oitavo.- Formalización dos contratos.

A proposta del tribunal cualificador se elevará a Alcaldía - Presidencia, para a resolución do expediente de selección, mediante decreto, que será publicado no taboleiro de anuncios do Concello.

A formalización do contrato laboral cos aspirantes seleccionados será competencia do Sr. Alcalde - Presidente; o/a aspirante deberá incorporarse o seu posto de traballo no prazo máximo de cinco días, dende que sexa requirido para elo.

Noveno.- Funcionamento da bolsa.

Unha vez finalizado o contrato por obra ou servizo correspondente ao 2016, os aspirantes que fosen contratados pasarán ao final da listaxe de agarda.

Esta listaxe de agarda será a que se utilice para proceder a nomear as persoas que cubrirán os postos de traballo, comezando sempre pola de maior puntuación, e será utilizada para posibles coberturas, por calquera causa de prazas desta convocatoria, sempre que non transcorresen máis de dous anos dende a publicación no BOP da bolsa de emprego.



ANEXO I

SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN NO PROCESO SELECTIVO PARA A CONTRATACIÓN DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL (SOCORRISTAS).

Nome e apelidos DNI

Enderezo: Municipio:

Teléfono: Correo electrónico:

EXPOÑO

- 1) Que teño coñecemento da publicación das bases para cubrir postos de traballo temporais como socorrista da piscina municipal de Vimianzo, as cales acepto, e declaro que cumplo os requisitos xerais e específicos esixidos.
- 2) Que posúo a titulación esixida: SI NON
- 3) Que teño nacionalidade española: SI NON
- 4) Que posúo a capacidade funcional para o desempeño das tarefas: SI NON
- 5) Que cumpro o requisito de ter cumpridos os dezaseis anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa. Só por lei poderá establecerse outra idade máxima, distinta da idade de xubilación forzosa, para o acceso ó emprego público. SI NON
- 6) Que cumpro o requisito de non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ó corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que fora separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ó emprego público.

Por todo iso,

SOLICITO

Que teña por presentada a miña candidatura para o proceso de selección de personal laboral temporal de socorrista da piscina municipal de Vimianzo.

Vimianzo,.....de xuño de 2016

Asdo.:

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE VIMIANZO

RELACIÓN DE DOCUMENTOS QUE ACOMPAÑO:

- Fotocopia compulsada do DNI.
- Acreditación ds inscrición no Rexistro Oficial de Socorristas acuáticos de Galicia na sección de socorristas de instalacións acuáticas



Vimianzo,de xuño de 2016

Asdo.:

Bases propostas pola Alcaldía
Vimianzo, a 30 de maio de 2016.

O alcalde,
Manuel Antelo Pazos



*DILIXENCIA para facer constar que as presentes bases, de 7 carillas, seladas co selo do Concello e rubricadas á marxe por mín, foron aprobadas por Resolución da Alcaldía núm. 726/2016, de data 02 de xuño de 2016.
Vimianzo, 03 de xuño de 2016*

A secretaria accidental
(R.A.714/2016, de 30/05/2016)

Ivanna Vidal Domínguez



Vº e praxe,
o alcalde,

Manuel Antelo Pazos



